

Taiwan Hebdo 23-2016

Description

1. Informe

Nos primeiros pasos do novo goberno non faltaron o desconcerto e a confusión. Nunha comparecencia lexislativa, o ministro de Economía Le Shih-guang advertiu do posible reinicio da planta nuclear N^o.1 en caso de condicións climáticas extremas. Mentres, desde a Oficina Presidencial salientábase o compromiso cunha illa libre da enerxía nuclear (obxectivo marcado para 2025). O primeiro ministro Lin Chuan, en diálogo cos grupos ecoloxistas, asegurou que para esa data non haberá enerxía nuclear en Taiwan e que o funcionamento das centrais 1 e 2 non se prorrogará.

1. Informe

Nos primeiros pasos do novo goberno non faltaron o desconcerto e a confusión. Nunha comparecencia lexislativa, o ministro de Economía Le Shih-guang advertiu do posible reinicio da planta nuclear N^o.1 en caso de condicións climáticas extremas. Mentres, desde a Oficina Presidencial salientábase o compromiso cunha illa libre da enerxía nuclear (obxectivo marcado para 2025). O primeiro ministro Lin Chuan, en diálogo cos grupos ecoloxistas, asegurou que para esa data non haberá enerxía nuclear en Taiwan e que o funcionamento das centrais 1 e 2 non se prorrogará.

Así mesmo, o propio Lin Chuan debeu desdicirse dunhas desafortunadas palabras sobre as mulleres que sufriron escravitude sexual a mans do exército xaponés durante a II Guerra Mundial (“quen sabe con seguridade as que o fixeron voluntariamente e as que o fixeron forzadas”) e que provocaron unha ola de indignación entre a cidadanía. Pola súa banda, o ministro de Defensa, Feng Shih-kuang, confesou o seu “descoido” ante a chamada á prudencia por parte de EUA á vista do anuncio do envío de 40.000 proxeccións ás illas Pratas e a illa Taiping, no Mar de China meridional.

Alguns grupos cívicos mostráronse preocupados polo temor a que o cambio de goberno non traia consigo grandes cambios, citando precisamente como exemplo o anuncio unilateral da posible reactivación do reactor número 1 da central de Jinshan, que irritou aos colectivos ambientais. Outros citan como “desconcertante” o feito de que o ministro de Saúde eludise a mención de Taiwan na Asemblea Mundial da Saúde. Témesse tamén que finalmente, o goberno acceda á importación de carne de porco de EUA con ractopamina...

A presidenta Tsai Ing-wen mostrou a súa insatisfacción polas evidencias de falta de comunicación entre o Executivo e o Lexislativo, reclamando unha maior coordinación. Unha reunión na súa residencia persoal de Nova Taipei co primeiro ministro e varios membros do seu goberno serviu para achegar posicións.

Noutra orde, o goberno instrumenta xa oficinas específicas para concretar as súas políticas en temas de alcance como a reforma das pensións, a Nova Política cara ao Sur ou as políticas enerxéticas (tamén unha oficina cultural)... Estas oficinas transversais terán a responsabilidade de dar forma aos principais obxectivos das políticas que implican a diferentes ministerios. Pero a primeira prioridade é a mellora da coordinación e a comunicación.

2. Observacións de contexto.

* A divulgación de varios vídeos nos que se insulta a veteranos orixinarios de China continental provocou que tanto a presidenta Tsai Ing-wen como a líder do KMT, Hung Hsiu-chu, condenasen calquera manifestación de odio ou discriminación. Hung acudiuse no domicilio dalgún dos insultados. Ma Ying-jeou reivindicou as súas contribucións ao desenvolvemento de Taiwan.

* O compromiso de Taiwan co problema dos refuxiados en Europa evidenciouse coa presenza de Tsai Ing-wen nun acto para anunciar a construción dun centro de atención ás mulleres e nenos que se atopan actualmente na illa de Lampedusa (Italia). Outro centro, máis pequeno, construíríase en Prato, na Toscana.

* A visita de Ma Ying-jeou a Hong Kong pende do fío do parecer da Oficina Presidencial en función do disposto na Lei de

Protección de Información relacionada coa Seguridade Nacional. Deputados do PDP reclamaron unha investigación das acusacións de suposta substracción de copias de documentos clasificados por parte do ex presidente antes de abandonar o cargo.

* Nun seminario celebrado en Xiamen, China continental e Taiwan identificaron as súas vantaxes e complementariedades no desenvolvemento do Internet das cousas. Noutro seminario, esta vez en Yunnan, o vicepresidente do KMT, Hau Lung-bin, recoñeceu unha erta paralización nos intercambios políticos trala asunción do novo goberno pero asegurou que a súa formación é un mecanismo de “segunda vía” para garantir a paz no Estreito.

* A presidenta do Consello para os Asuntos de China continental, Katharine Chang, dixo descoñecer a fonte dos rumores que apuntan a unha redución de visitantes provenientes do outro lado do Estreito e sobre a suspensión de tramitacións para que os estudantes de China continental viaxen a Taiwan para realizar intercambios.

* O PNP anunciou unha proposta de emendas constitucionais para eliminar as alusións a “un país, dúas áreas” ou ao Goberno Provincial de Taiwan, así como para reducir a idade mínima para votar de 20 a 18 anos. A proposta inscríbese nun afán de instar a “normalización da nación”. A UST cualificou a reforma de “cuestión falsa” instando a redactar unha nova constitución ao completo.

* Taiwan estuda conceder diversos privilexios de visado a 8 países membros da ASEAN como parte do seu novo plan de Políticas cara ao Sur. Unha estratexia similar foi aplicada nos anos 90, durante a presidencia de Le Teng-hui, aínda que perdeu gradualmente a súa eficacia, especialmente en virtude da crise financeira de 1997.

* A visita a Taiwan do senador John McCain, presidente da Comisión de Defensa do Senado de EUA, evidenciou a solidez dos lazos entre Taipei e Washington. McCain fixo saber que o goberno norteamericano espera que Taiwan eleve o gasto militar ao 3 por cento do PIB. Tsai urxiulle facilitar as vendas de armas de EUA a Taiwan.

* O novo ministro de Defensa de Taiwan, Feng Shih-Kuan, sinalou que Taipei non recoñecerá ningunha zona de identificación e defensa aérea declarada por Beijing sobre o Mar de China meridional, incluíndo a illa Taiping baixo control da República de China, como fixo en 2013 sobre o Mar de China oriental. As autoridades continentais non confirmaron nin desmentiron que planeen unha medida deste tipo.

3. Datos relevantes

* Segundo o xornal estadounidense Gazette Review, Taiwan é o 4º país máis intelixente do mundo.

* As reservas de cambio de Taiwan ascenderon en maio de 2016 a 433,43 millóns de dólares estadounidenses, batendo un novo récord.

* A confianza dos inversores caeu 5,7 puntos no segundo trimestre do ano. O dato relaciónase coas preocupacións polo ambiente político e as relacións con China continental.

* Os turistas taiwaneses gastan unha media de US\$1.428 en cada viaxe, máis alto que o de Xapón ou Corea do Sur.

* Nova Taipei recibiu un primeiro premio á excelencia pola transformación da cidade.

4. Nomes relevantes

* Tsai Ing-wen foi clasificada como a 17ª muller máis poderosa do mundo pola revista Forbes Magazine. En Asia, só é superada pola presidenta surcoreana Park Geun-hye.

* Stanley Kao xa está á fronte da oficina de representación de Taiwan en EUA. Tamén Frank Hsieh tomou posesión do seu cargo ante Xapón.

* O ministro de exteriores David Le desmentiu a intención de poñer en marcha unha campaña para lograr o ingreso de Taiwan en Nacións Unidas.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

China e o mundo chinés

ETIQUETAS

Mar
de
China Política
meridional PDP KMT Taiwanese PNP

IDIOMA

Galego

Date Created

Xuño 11, 2016

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2016-06-12 00:00:00

Antetitulo : Hebdomadario da Política Taiwanese

Subtitulo : Semana do 6 ao 12 de Xuño de 2016